

PREGUNTA DE AER RELATIVA A INCLUSIÓN DE CATIVOS E CATIVAS DE 3 ANOS NO PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN (Rex. Entrada 02.07.2018, 2018-E-RPLN-14).

PLENO 04 XULLO 2018. ACTA 09/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

“Anualmente o Concello de Redondela organiza durante o Nadal, Semana Santa e o Verán o programa municipal de conciliación. As bases indican que poderán inscribirse cativos e cativas de 4 anos en adiante. Recentemente diversas ANPAS veñen de reclamar que se permita incluír tamén as rapazas e rapaces de 3 anos xa que por motivos de data de nacemento no primeiro curso de infantil conviven nenos e nenas de 3 e 4 anos, sendo as necesidades de conciliación similares para os seus proxenitores. As bases da contratación actual non se poden cambiar ata a vindeira convocatoria, polo que PREGUNTAMOS:

Na vindeira contratación do programa de conciliación municipal vanse cambiar as bases do prego para que se admitan cativos e cativas escolarizados a partir de 3 anos?”

Resposta: sra. Amoedo: o límite hai que poñelo nalgunha idade, hai moita diferenza entre os que cumpren en xaneiro e os de decembro. Hai que poñer unha franxa de idade, hai que analizar moi ben como facer para que non sexa un problema.